

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a: MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a: M^a. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
D^a. XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día trinta e un de xullo de dous mil sete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (28/06/2007)

Dáse conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinte e oito de xuño do ano que andamos, que logo de corrixir na intervención do Sr. Alvela de Terra Galega, quedando redactada do seguinte xeito "O Sr. Alvela de Terra Galega di estar de acordo en darlle a máxima publicidade ós plenos, dándolle opción puntualmente á participación veciñal, comunicándolle previamente, á celebración da sesión, os asuntos a plantexar a todos os grupos políticos", apróbase por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta tamén da acta da sesión extraordinaria-urxente celebrada o día vinte e oito de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Aprobación, se procede, das bases reguladoras para a concesión de subvencións para actividades deportivas

Retírase da orde do día para consensuar a súa redacción

3º.- Acordo, se procede, sobre elección de Xuíz de Paz Substituto

Retírase da Orde do día

4º.- Moción do BNG sobre eliminación de barreiras arquitectónicas no Concello de Vedra

Declárase a urxencia do asunto por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta da moción do BNG coas emendas presentadas polo PP, para a eliminación total de barreiras arquitectónicas no Concello de Vedra, quedando a súa parte dispositiva do seguinte xeito:

1º.- Elaboración dun Plan Integral de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas para desenvolver ao longo da lexislatura, establecendo prioridades en función das actuais necesidades reais

2º.- Colaborar con todas aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro do Concello para a supresión deste tipo de barreiras naquelas edificacións da súa titularidade pero de uso comunitario e público.

3º.- Sinalización de zonas de aparcamento reservado para minusválidos, e prohibición de aparcamento naquelas zonas de acceso a persoas en cadeira de rodas (Centro Médico, Concello, Locais Sociais, acceso a farmacias, etc)

4º.- Remodelación da páxina web do concello para que sexa tamén de accesibilidade universal, é dicir, que poida ser utilizada por persoas con limitación visual, e para que se poidan facer trámites co concello vía web, evitando desprazamentos innecesarios

5º.- Establecer o compromiso da corporación de non acometer ningunha outra obra ou actuación que non teña en conta escrupulosamente os criterios e accesibilidade universal e o cumprimento estricto da Lei, así como vixiar estes criterios nas licenzas de apertura de establecementos

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE propón engadirlle no punto 1º en canto a contar con axudas doutras administracións.

Dona Xosefina Guitián do BNG di que o engadido pode provocar que non se faga nada se non se dispón de financiamento externo, cos importantes prexuízos e que deben contemplarse prioridades tratándose o tema en si dunha prioridade social.

O Sr. Alvela de Terra Galega di estar de acordo co texto da moción, o mesmo que ó Sr. Martínez do PP.

Posta a votación a citada moción apróbase por unanimidade dos asistentes

5º.- Moción do PP para millorar a seguridade na N.-525

Apróbase a declaración de urxencia deste punto por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta da moción presentada polo PP na que se expón que a estrada N-525 é unha das vías de comunicación das que máis tránsito soporta especialmente nos accesos ás cidades, e na que se están a producir múltiples accidentes con vítimas mortais moitos deles, polo que solicita a adopción dunha serie de acordos para millorar a seguridade na citada estrada

Ó Sr. Costa do PP explica a conveniencia e urxencia desta moción neste momento polas obras que se están a executar na mesma e dados os accidentes ocorridos. Di tamén estar de acordo coas emendas presentadas polo BNG que enriquecen a moción.

Dona Xosefina Guitián do BNG di estar conforme coa moción e explica as emendas presentadas polo seu grupo á mesma.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a moción e as emendas do BNG, quedando a parte dispositiva da moción redactada do seguinte xeito:

1º.- Solicitar que se faga un estudio por parte da administración correspondente das actuais condicións de seguridade da N-525 no tramo sinalado, e en concreto entre o punto quilométrico 336 e as rotondas de entrada para a AP-9

2º.- Solicitar que, de ser necesario, se acometan as obras precisas por parte do Ministerio de Fomento, para millorar a seguridade no tramo anteriormente mencionado

3º.- Solicitar que se sinalice na citada estrada o paso de peóns que transitan pola Ruta da Prata cara a Ponte Busacos (P.K. 351), debido ó alto risco de atropellos nun tramo en curva e en pendente

4º.- Dar traslado destes acordos ó Ministerio de Fomento, a través da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, así como ós Concellos de Santiago de Compostela e de Boqueixón, ó afectar tamén ós seus termos municipais.

5º.- Dar traslado tamén ás autoridades responsables do Camiño de Santiago da preocupación pola perigosidade dese cruce no P.K. 331, para que se sinalice convenientemente ós peóns.

6º.- Contestación a preguntas

Ás preguntas formulas polo BNG no escrito num. 1.325 do BNG, a Presidencia contéstalle:

--Sobre da viaxe a Arxentina do Sr. Alcalde en abril de 2007, que con anterioridade á celebración do Pleno do mes de marzo, a viaxe xa estaba contratada en función do compromiso de visitar ós emigrantes todos os anos e di que os seguirá visitando aínda que sexa privadamente ou por medio da Mancomunidade de Compostela

--Con respecto á limpeza de núcleos , a Presidencia di que o proxecto fíxose para zonas de alto risco, ademais de Trobe, Illobre, Tomonde afecta tamén a fincas privadas. Queda pendente Fontes, Prumadelos e Campo do Airiños

--En relación coa Ruta dos Muíños, di que a Ruta do Ulla e o Pereiro están aceptables, e que non ten constancia da dos muíños. En canto ós paneis de información di que non eran axeitados e que se estar a cambiar por parte da empresa.

--Sobre do movemento de terras en Socastro, contesta que segundo o propietario é unha simple limpeza da parcela, o cal se lle comunicou a Patrimonio.

--Sobre da contestación a preguntas formuladas na lexislación anterior, que non procede agás que se reformulen

--Por último e con respecto ó persoal contratado para a Piscina Municipal, di que hai Resolucións da Alcaldía ó respecto explicando as circunstancias en cada caso.

7º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Que se sexa escrupuloso cos acordos plenarios en canto á convocatoria dos plenos

2º.- Solicita a sinalización de vías públicas de titularidade municipal

3º.- Que se instalen todo tipo de colectores en todas as aldeas

4º.- Que se informe das visitas institucionais

5º.- Que se estudie a posibilidade dunha recollida de lixo máis intensa nas parroquias nas que hai festas no verán

6º.- Pregunta cando se prevee realizar as obras de plans que quedaron desertas

--O Sr. Alvela do TEGA solicita:

1º.- Que se analicen as augas das fontes públicas nas distintas parroquias e un posterior seguimento (localizalas)

2º.- Tomar as medidas oportunas, para que a estrada da Deputación , a Gaiosa -Ponte de Sarandón , se poida sinalizar e incluso bandas transversais para que se disminúa a velocidade ante a cercanía de casas e cruces de estradas na entrada do núcleo de Sarandón

3º.- A colocación da mellor sinalización nas distintas direccións no cruce de Sarandón

4º.- A colocación de espellos nos dous cruces perigosos na aldea de Caxaraville en San Miguel de Sarandón

5º.- Colocación dunha área recreativa Agronovo de distintos xogos para nenos

6º.- Limpeza do regato e mellor iluminación no tramo recuperado por iniciativa particular en Tomonde (Santa Cruz de Ribadulla) para darlle mellor e máis brillantez a unha zona que ten unha masa común e conseguir mellorar ese bonito entorno

7º.- Piscina: sinalización e aparcamento

8º.- Actualizar a páxina do concello en internet

9º.- Incluir na toponimia de San Miguel de Sarandón os lugares de Piñeiros, Casablanca e Legarei

10º.- Posible cambio de horario e día do proxecto de toponimia en Vedra, fixado actualmente para o día 2/09/2007 de 13:45 h a 15:00h no seu primeiro día de exposición (festa das Dores)

11º.- Rogo que me sexa contestada con dettalle a seguinte pregunta: que obras foron realizadas pola brigada, os seus costes incluídos materiais, ó longo do ano 2006 ata a data de hoxe?

--O Sr. Costa do PP pregunta pola rehabilitación do muíño de Novais e que se inclúa nun plan

Tamén pregunta pola situación da estrada de Santa Lucía e que se trate de axilizar.

Roga que se felicite á empresa de mantemento da estrada Vedra-Santa Lucía polo xeito de executar as obras

--Don Carlos Martínez do PP formula os seguintes rogos:

1º.- Que se publiciten as bases e convocatorias que afectan a veciños, mediante bandos e sendo posible na páxina web

2º.- Que se rematen de colocar os soportes de colectores con urxencia

3º.- Que se revise a conexión de internet na biblioteca de Santa Cruz

4º.- Que se solucione a emisión de TV na zona da Ulla

5º.- Que se eleve protesta do Concello a Correos polas substitucións dado o retraso importante no reparto da correspondencia

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e cinco minutos

